

BASES E CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA PARA CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS NA CATEGORÍA DE ESPECIALISTA DA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P. PARA OS CAMPUS UNIVERSITARIOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E LUGO.

A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P. (en adiante, a Fundación USC), é un medio propio da Universidade de Santiago de Compostela, cuxa finalidade de interese xeral consiste en colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da USC, contribuíndo a exercer con eficacia e eficiencia as funcións que a institución ten asignadas.

Con data 6 de agosto de 2021 a Universidade de Santiago de Compostela notificoulle á Fundación mediante Resolución reitoral a formalización dun encargo de xestión da Universidade de Santiago de Compostela para a prestación do servizo de limpeza de edificios e locais da USC.

A Fundación USC precisa regular o procedemento para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo incluídos na categoría de especialista tanto para o Campus de Santiago de Compostela coma para o Campus de Lugo.

O procedemento de selección para a configuración da lista de agarda atende aos principios de igualdade, mérito e capacidade, seguindo un proceso de selección que garanta ditos principios.

A Fundación USC procede a convocar unha **lista de agarda para realizar posibles contratacións temporais na categoría de especialista** en cada un dos campus universitarios de acordo coas seguintes bases:

1. OBXECTO

O obxecto da convocatoria é a regulación do procedemento para a formación dunha lista de agarda para contratacións con carácter temporal na categoría de especialista tanto no Campus de Santiago de Compostela como no Campus de Lugo.

2. CARACTERÍSTICAS DA LISTA

- A cobertura de postos con carácter temporal efectuarase a través dun sistema de lista aberta na que a orde de prelación virá dado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto.
- A lista de agarda final estará conformada polos 30 candidatos e candidatas con maior puntuación na valoración de méritos para o Campus de Santiago de Compostela.
- A lista de agarda final estará conformada polos 15 candidatos e candidatas con maior puntuación na valoración de méritos para o Campus de Lugo.
- Os aspirantes a formar parte da lista de agarda deberán seleccionar formar parte da lista de agarda do Campus de Santiago, do Campus de Lugo ou de ambos.
- O prazo para a apertura de novos méritos realizarase cada dous anos entre os días 1 e 31 de marzo polos mesmos medios que se indican nesta convocatoria e mediante a instancia correspondente que estará publicada no portal de emprego da Fundación (www.fundacionusc.gal).
- Finalizado o prazo de incorporación de novos méritos por aqueles candidatos ou candidatas que o consideren oportuno actualizarase a orde de prelación da lista de agarda.

3. COMISIÓN DE VALORACIÓN

Para a elaboración da lista, así como para o seu control e correcta utilización, nomearase unha comisión de

valoración permanente.

A Comisión de Valoración terá como función a de coordinar e executar e valorar o proceso de selección, de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade velando polo estrito cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos os dous sexos.

A Comisión de Valoración poderá ser auxiliada e nomear a cantos asesores e especialistas que considere oportuno para o axeitado desenvolvemento do proceso.

A Comisión será a encargada de resolver todas as cuestións de interpretación.

A Comisión de Valoración será nomeada e publicada na páxina web da Fundación USC antes do comezo do proceso selectivo, estará formada por cinco persoas que designará o padroado da Fundación USC

4. PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria publicarase no **perfil de emprego** da entidade, na súa páxina web (www.fundacionusc.gal)

5. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As persoas interesadas nesta convocatoria que reúnan os requisitos establecidos presentarán as súas solicitudes directamente na sede da Fundación Universidade de Santiago de Compostela sita en Edificio Emprendia, planta primeira S1, Campus Vida, 15782 Santiago de Compostela, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres .

As persoas interesadas nesta convocatoria tamén poderán presentar as súas solicitudes mediante correo certificado, nos termos previstos no RD 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o Regulamento dos Servizos Postais, e deberán ser remitidas á Sede Social da Fundación, Edificio Emprendia, planta primeira S1, Campus Vida, 15782 Santiago de Compostela. Neste caso, a persoa interesada deberá xustificar a data de envío e anunciar á Fundación a remisión da documentación mediante correo electrónico (contratos@fundacionusc.gal) ou burofax o mesmo día.

As persoas interesadas cubrirán obrigatoriamente a súa solicitude segundo o documento que se xunta como **INSTANCIA DE SOLICITUDE**.

O prazo de admisión de solicitudes será de quince (15) días naturais, contados a partires do día seguinte ao da súa publicación no portal de emprego da Fundación na súa páxina web. As persoas interesadas deberán ter en conta o seguinte:

- Remitirán unha única solicitude, de acordo co modelo de instancia de solicitude que se publica con esta convocatoria.
- Non serán admitidas ao proceso as solicitudes que non se reciban na forma e prazo establecidos.

As persoas aspirantes ás listas de agarda deberán facer constar expresamente na instancia de solicitude en que lista de agarda desexan participar:

- Campus de Santiago de Compostela.
- Campus de Lugo.
- Ambos.

A instancia de solicitude estará dispoñible na web da Fundación USC no seu portal de emprego.

6. REQUISITOS

- Poderán participar na presente convocatoria os aspirantes que reúnan os seguintes requisitos mínimos:

- a) Posuír a nacionalidade española. Tamén poderán participar, en igualdade de condicións cos españois:
 - Os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea.
 - O cónxuxe dos españois e dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, non sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.
 - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
 - Os estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- d) Posuír o carné de conducir de categoría B

Deberanse ter os requisitos establecidos nos apartados anteriores no momento de finalizar o prazo de presentación das solicitudes de participación no proceso de selección, ademais de gozar deles durante o proceso selectivo e no momento de producirse a contratación.

7. DOCUMENTACIÓN A APORTAR COA SOLICITUDE

Xunto á instancia de solicitude, os aspirantes enviarán a seguinte documentación:

- Copia do DNI, ou no seu defecto, copia do Pasaporte ou Tarxeta de Residencia.
- Currículo profesional actualizado, con copia de toda a documentación acreditativa dos méritos alegados no mesmo, tanto técnicos, titulacións (formación complementaria, coñecemento da lingua galega), certificado de discapacidade de ser o caso, e experiencia profesional (contratos de traballo, informe de vida laboral, nóminas, certificacións onde se acredite a experiencia e as funcións, etc.).
- Copia do carné de conducir.
- Acreditación do coñecemento do castelán para aspirantes estranxeiros.

A Fundación USC reserva o dereito a solicitar aos participantes en calquera momento do proceso, a documentación orixinal ou copia compulsada que entregou durante o mesmo para cotexar.

No momento da contratación á persoa seleccionada poderá requirírselle que faga entrega de copia compulsada da documentación que entregara durante o proceso.

8. ADMISIÓN DE SOLICITUDES

Rematado o prazo de presentación de instancias será publicada no portal de emprego da páxina web da Fundación USC a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.

As persoas interesadas disporán de cinco (5) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da relación provisoria, para corrixir o defecto que motivara a exclusión ou omisión da relación de admitidos. En todo caso, ao obxecto de evitar erros e posibilitar a súa corrección en tempo e forma, as/os aspirantes comprobarán que non figuran recollidos na relación de excluídos e, ademais, que os seus nomes constan na correspondente relación de admitidos. As persoas solicitantes que dentro do prazo non corrixan a exclusión ou reclamen a omisión, xustificando o seu dereito a estar incluídas/os na relación de admitidos, serán definitivamente excluídas/os.

Transcorrido o prazo para a emenda de erros ou deficiencias farase pública a relación definitiva de candidatas/os admitidas/os na páxina web da Fundación USC.

A partir do momento da corrección de erros, non se poderán modificar os contidos da solicitude, agás os referentes a datos que se orixinaran por mor de cambio de domicilio ou de número de teléfono.

9. SISTEMA DE SELECCIÓN E BAREMO

O sistema de selección será a valoración de méritos.

O baremo aplicable para a elaboración da lista de agarda para a cobertura de postos de carácter temporal será o seguinte:

a) FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto de méritos previstos neste epígrafe será de 5 puntos.

Valoraranse cursos de formación relacionados co perfil descrito ou de contidos transversais correctamente acreditados coa copia da titulación ou certificación correspondente. Cando existan diversos niveis do mesmo curso só se valorará o de maior nivel.

A documentación deberá conter a entidade emisora, número de horas, contidos e/ou descrición correcta do curso.

- I. Cursos entre 1 e 40 horas: 0,30 puntos
- II. Cursos entre 41 e 100 horas: 0,40 puntos
- III. Cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos

b) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto de méritos previstos neste epígrafe será de 2 puntos.

- I. Por estar en posesión do Celga 2 ou titulación equivalente ou Celga superior: 2 puntos

Para a súa valoración deberá acreditarse documentalmente a posesión da titulación correspondente coa súa correspondente copia ou certificación que o acredite.

En función dos estudos de cada persoa poderase obter a validación do diferentes niveis do Celga. Para coñecer as validacións poden consultarse no portal web www.lingua.gal

c) DISCAPACIDADE

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto de méritos previstos neste epígrafe será de 1 punto.

I. Pola posesión da correspondente certificación que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e que lle permita desenvolver as funcións requiridas.

d) EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto de méritos previstos neste epígrafe será de 42 puntos.

- I. Por cada mes de servizos nos edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela: 0,50 puntos.
- II. Por cada mes de servizos en edificios e locais doutras institucións públicas: 0,25 puntos.
- III. Por cada mes de servizos en edificios e locais de carácter xeral: 0,20 puntos.

Para a súa valoración deberá acreditarse documentalmente mediante contrato de traballo e/ou certificación de empresa (onde indique o período en número de meses, funcións e lugar onde as desenvolveu), nóminas e informe de vida laboral.

Tamén se contabilizará como tempo efectivo de traballo cando o/a aspirante estivese nos seguintes supostos: redución de xornada ou excedencia por garda legal de menores de 12 anos, permiso de maternidade, embarazo de risco ou excedencias por coidado directo dun familiar. Deberase acreditar documentalmente calquera destes supostos para que sexa valorable e cuantificado en tempo efectivo de traballo.

10. RESOLUCIÓN DO PROCESO

A listaxe provisional do proceso de selección que se publique abranguerá a relación do candidatos/as seleccionados/as por estrita orde de puntuación final. Contra dita resolución, as/os candidatos/as poderán interpoñer reclamación motivada no prazo máximo de cinco (5) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, que será resolta pola Comisión de Valoración.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte sen prexuízo de aplicación conforme á lexislación vixente:

- Puntuación obtida no apartado da experiencia.
- Puntuación obtida no apartado da formación complementaria.
- Sorteo.

Unha vez rematado o proceso a lista de agarda definitiva publicarase no portal de emprego da entidade.

A entrada en vigor da lista de agarda definitiva será ao día seguinte da publicación da lista de agarda definitiva.

No momento en que entre en vigor a lista definitiva, aquelas outras listas de agarda formalizadas na entidade por outro procedemento quedarán definitivamente extinguidas.

11. FORMACIÓN E REGULAMENTO DA LISTA DE AGARDA

- **Situación nas listas:**
 - Acórdase que se elabore a lista de agarda por estrita orde de puntuación de maior a menor de todos os candidatos e candidatas.
 - Os integrantes das listas non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nesta ata que se xere o dereito á prestación de desemprego, de tal maneira que si o chamamento para o que son chamados ten unha duración inferior, retornarán ao posto que novamente lles corresponde na lista.
 - Finalizado o chamamento, o interesado/a pasará a ocupar o último lugar na lista de agarda durante un período de catro meses si se xerou dereito á prestación de desemprego. Finalizado dito período volverá automaticamente ao lugar da lista que, de acordo coa súa puntuación, lle corresponda.

- **Acórdase regular os chamamentos cos seguintes criterios:**
 1. Recibida solicitude escrita por parte da xefatura de servizo ou no seu defecto por parte dos encargados e unha vez autorizada a mesma pola Xerencia da Fundación, o procedemento para o chamamento consistirá en realizar a proposta á persoa que lle corresponda.
 2. A oferta de incorporación realizarase do seguinte xeito:
 - a. Procedemento ordinario:
 - i. Telefonicamente: o primeiro contacto farase mediante chamada telefónica ou correo electrónico, no caso de que o/a aspirante facilitase este medio de contacto.
 - ii. Cando non sexa posible efectuar o contacto por calquera dos medios anteriormente citados remitirase carta certificada con acuse de recibo.
Recibido o resgardo de aviso, sen ter resposta, procederase a chamar ao/a seguinte aspirante.
 - b. Procedemento de urxencia: utilizarase para cubrir aqueles postos que por circunstancias especiais non sexan susceptibles da espera necesaria prevista para o procedemento ordinario.

O medio utilizado será: chamada telefónica ou correo electrónico, no caso de que o/a aspirante facilitase este medio de contacto, procedéndose no mesmo día a contactar coa seguinte persoa aspirante se non se tivera resposta do/a anterior.

Nos supostos de chamada telefónica a xerencia ou a xefa de servizo fará constar mediante dilixencia a realización das mesmas e se tiveron ou non resposta.

- **O procedemento para regular as causas de baixa na lista e as causas xustificadas de permanencia terá os seguintes criterios:**
 1. **Causas de baixa na bolsa:**
 - a. Renuncia á incorporación sen causa xustificativa cando se efectúe o terceiro chamamento pola Fundación USC e sexa rexeitado.
 - b. A non comparecencia ao acto de sinatura do contrato ou da incorporación na data indicada sen causa xustificada e despois de ter aceptado o chamamento.

- c. Petición de baixa voluntaria na entidade durante o período no que o integrante da lista estivese contratado/a ou en calquera outro período de forma voluntaria
- d. A non superación do período de proba.

2. Causas xustificables de permanencia na lista:

Coa finalidade de garantir a permanencia na lista daquelas persoas que se atopen en determinadas situacións, admitirase a renuncia ao chamamento sempre que se xustifique de forma suficiente, nos seguintes supostos:

- a. Enfermidade, embarazo, maternidade, paternidade ou adopción legal ou enfermidade grave dun familiar directo.
- b. Exercicio de representación sindical ou designación para cargo público.
- c. Permisos ou licencias por matrimonio.
- d. Permisos ou licencias por falecemento de familiar ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade
- a. Conciliación familiar por coidade de menores ou coidado directo de maiores dependentes.
- b. Ter contrato en vigor.

Os/as aspirantes afectados por estes supostos quedarán suspendidos temporalmente da lista. Cando as causas que motivaron a renuncia teñan remitido, o/a interesado deberá comunicalo por escrito á Xerencia da Fundación USC para ser incluído novamente no posto que estaba.

Os/as aspirantes poden por iniciativa propia solicitar a suspensión dos chamamentos comunicándoo a Fundación.

12. ACTUALIZACIÓN DE MÉRITOS

A actualización de méritos efectuarase anualmente dispoñendo os interesados o mes de marzo para achegar mediante solicitude á Fundación USC aquela documentación que consideren susceptible de valoración para a actualización dos mesmos. Finalizado o prazo publicarase a lista de agarda actualizada, dispoñendo os membros da lista de agarda dun prazo de dez (10) días naturais para a súa reclamación en caso de desconformidade na valoración.

13. DISPOSICIÓNS FINAIS

A Fundación USC resérvase o dereito a realizar as xestións que considere oportunas para comprobar a veracidade e autenticidade da documentación xustificativa dos requisitos- así como de calquera outra-, aportada polo/a aspirante seleccionado/a con carácter previo á formalización do contrato. Calquera anomalía ou irregularidade detectada implicará a exclusión automática e definitiva do proceso selectivo, da relación de candidatos/as seleccionados/as e da lista de agarda, no seu caso, sen que se xere ningún tipo de dereito ao seu favor.

Durante o desenvolvemento do proceso, a Comisión de Valoración poderá realizar calquera comunicación aos/as candidatos/as por escrito ou telefonicamente, en base aos datos de "localización" indicados na solicitude; por este motivo, os interesados comprométense a manter actualizados ditos datos durante o proceso de selección, comunicando con suficiente antelación calquera variación dos mesmo.

Con carácter previo á formalización do contrato de traballo, a Fundación USC requirirá a achega de todos os documentos que se consideren esixibles e que non foran entregados durante o proceso de selección.

A Fundación USC garante a absoluta confidencialidade de todos os datos derivados do proceso selectivo que afecten as/os candidatos/as; así mesmo, se garante a protección dos datos de carácter persoal, en cumprimento do REGULAMENTO (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e á Lei Orgánica 3/2018 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais no que resulten de aplicación.

En Santiago de Compostela a 16 de maio de 2022

FUNDACIÓN USC | M.P.



Antonio López Díaz

Presidente

Instancia de solicitude para a inclusión na lista de agarda (especialista) con vinculación temporal.

Espazo reservado para a Entidade	Data de entrada
Selar e asinar unicamente no interior deste recadro	____/____/____

Datos persoais:

Nome:	Apelidos:
NIF:	Data de nacemento:
Concello:	Enderezo (rúa, praza, avda...):
Provincia:	Código postal:
Teléfonos: -	Nacionalidade:
Correo electrónico:	

Ámbito da lista (só debe seleccionar unha das tres opcións cun X):

<i>Campus de Santiago de Compostela</i>	<input type="checkbox"/>
<i>Campus de Lugo</i>	<input type="checkbox"/>
<i>Campus de Santiago de Compostela e Campus de Lugo</i>	<input type="checkbox"/>

Documentación a aportar (marque cun X):

<i>Copia: DNI ou pasaporte ou tarxeta de residencia</i>	<input type="checkbox"/>
<i>Currículo actualizado e documentación acreditativa dos méritos</i>	<input type="checkbox"/>
<i>Acreditación coñecemento castelán para estranxeiros</i>	<input type="checkbox"/>
<i>Copia carné de conducir</i>	<input type="checkbox"/>

DECLARO: que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria e que coñezo e acepto as bases reguladoras.

AUTORIZO: á Fundación USC a comprobar os datos de carácter persoal que figuren no documento DNI por medio de acceso electrónico.

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria citada, a fin de participar no proceso de selección correspondente.

_____, a ____ de _____ de 2022

SR/A. PRESIDENTE/A DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

Sinatura